

## NOTA DE PRENSA

O CGAI acollerá o vindeiro martes ás 20.00 h. a proxección da fita 'O testamento de Orfeo'  
**A gala dos María Casares celebrará da man de Talía Teatro  
o corenta aniversario do teatro profesional en Galicia**

*O Teatro Rosalía Castro acollerá o mércores 21 de marzo unha cerimonia de entrega dirixida por Artur Trillo, cun elenco formado por Dani Trillo, Marta Lado, Marta Ríos, María Ordóñez, Xurxo Barcala, Toño Casais, Diego Rey e Rubén Prieto e o acompañamento dos 15 integrantes do Coro Encaixe*

*A gala será retransmitida en diferido pola Televisión de Galicia e conta co apoio de institucións e entidades como o Concello da Coruña, a Agadic, a Deputación da Coruña, o Padroado de Narón, a Fundación AISGE, a Fundación SGAE, Producciones Emsac e Gadis*

**Venres, 16 de marzo de 2018-** A gala dos XXII Premios de Teatro María Casares, que terá lugar o vindeiro mércores 21 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña, conmemorará o corenta aniversario de teatro profesional en Galicia, xa que foi en 1978 o ano no que estrearon obras compañías xa profesionais como Antroido, Troula ou Artello. Deste xeito, a gala ademais de festexar a gran produción teatral do 2017, festexará a historia da nosa escena. Así o adiantou Artur Trillo, director da gala, na rolda de prensa de presentación dos María Casares, que tivo lugar esta mañá no Concello da Coruña coa participación do alcalde da cidade, Xulio Ferreiro; do director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Jacobo Sutil; da vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, e a presidenta da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Nieves Rodríguez.

“Talía desenvolverá unha pequena viaxe a través do humor polos corenta anos de teatro profesional galego. Así, teremos sobre o escenario un percorrido con pequenas pinceladas da nosa historia, sempre dende un punto de vista cómico”, sinalou Artur Trillo antes de engadir que ao longo da cerimonia se presentará unha “reflexión amable e sincera” sobre que é ser actor e actriz, director e directora, escenógrafa e escenógrafo, “en definitiva, que é ser teatreiro e teatreira en Galicia”. Trillo concluíu que para a concepción da gala consultou cun bo número de pioneiros e pioneiras para recoller diferentes historias dos últimos corenta anos e contar así cun “anecdótico que servise de base para a creación da gala”.

Pola súa banda, Nieves Rodríguez destacou que a AAAG decidiu confiarlle a Talía a dirección da gala “pola súa longa e contrastada experiencia” e definiu a formación como “unha compañía histórica” que neste 2018 cumpre trinta anos de actividade. Para rematar, a presidenta

da AAAG destacou a “gran calidade da colleita desta edición” na que 32 espectáculos e máis de 300 profesionais concorreron aos premios, dos cales finalmente 9 producións aspiran a gañar o María Casares nas 14 categorías nas que se dividen os galardóns.

Os Premios María Casares son os galardóns do teatro galego organizados pola AAAG dende 1997 e con eles se premia a excelencia teatral en todas as vertentes do feito teatral. Estes galardóns son o gran escaparate da nosa escena, así como tamén dos seus profesionais. A súa relevancia social e cultural demóstrase cada ano coa implicación de diferentes institucións e entidades que colaboran e apoian os María Casares. Nesta edición, os Premios contan co patrocinio da Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento do Concello da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), da Vicepresidencia da Deputación da Coruña, o Padroado de Cultura de Narón, da Fundación AISGE, da Fundación SGAE, Gadis e Producciones Emsac. A gala, que comezará ás 20.30 h. conta ademais coa colaboración da TVG, que retransmitirá a gala en diferido pola súa segunda gala a partir das 22.45 h. e pola súa páxina web en directo, a través de *streaming*.

### MARÍA CASARES NO CGAI

Dentro das actividades paralelas que a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) desenvolverá nas próximas semanas para **difundir a figura de María Casares**, o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) acollerá **unha sesión homenaxe á actriz**, consistente na proxección d’*O testamento de Orfeo* (Jean Cocteau, 1959). A sesión será no CGAI o martes 20 de marzo ás 20.00 h.

### ESPECTÁCULOS FINALISTAS

Un total de **9 espectáculos son finalistas** nos XXII Premios de Teatro María Casares. *Resaca*, de ilMaquinario Teatro, é a montaxe con maior número finalistas ao optar a 10 galardóns. Pola súa banda, *Martes de Carnaval*, do Centro Dramático Galego (CDG), aspira a 9 galardóns; mentres que *Soño dunha noite de verán*, de Voadora, e *A cabeza do dragón*, de Producións Teatráis Excéntricas, compiten en 7 apartados. *Elisa e Marcela*, de A Panadaría, aspira a 6 galardóns e *Outono*, de Pista Catro, a 2 xerras. Cun finalista atópanse os espectáculos *A galiña azul*, de Tanxarina Teatro; *Fillos do Sol*, de Contraproducións, e *Pum! Pum!*, de Baobab Teatro. Pola súa banda, Rosa Álvarez recibirá o Premio de Honra Marisa Soto e Aldaolado, dúo artístico formado por Lucía Aldao e María Lado, lerán o Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro.

Para máis información e entrevistas,  
Alberto Ramos  
TLF: 653 78 28 38  
prensa.premios@aaag.gal